



I CONCURSO ENKI-UDC PARA O DESEÑO DUN OBSTÁCULO PARA A VI CARREIRA ENKI GALICIA

Xénero: Inclusión e diversidade

Aberto a alumnado de graos, mestrados e programas de doutoramento da Universidade da Coruña

Entidade convocante: Universidade da Coruña

BASES

Convocatoria

A Universidade da Coruña, en colaboración coa Fundación Abrente, coa finalidade de promover a inclusión de todas as persoas en actividades de ocio e deporte, convoca o I Concurso ENKI-UDC para o deseño dun obstáculo para a VI Carreira ENKI Galicia que terá lugar o 19 de outubro de 2019.

Definición e obxecto do concurso

O concurso ten como obxectivo fomentar a participación do alumnado de grao, mestrado e doutoramento no ámbito do deporte e da diversidade mediante a elaboración dunha proposta para un obstáculo na devandita carreira, tendo en conta criterios de accesibilidade e creatividade.

Requisitos das persoas participantes

Alumnado matriculado nalgún grao, mestrado ou programa de doutoramento da Universidade da Coruña, que poden presentar as súas propostas de xeito individual ou en equipo e en lingua galega ou castelá.

Criterios valoración

1. Cada persoa ou grupo soamente poderá presentar unha proposta, que deberá ser orixinal e inédita. Valorarase a creatividade, a orixinalidade, a sustentabilidade, a accesibilidade e a linguaxe utilizada. Os textos non deberán conter ningún tipo de expresión non respectuosa.
2. As persoas participantes terán que ser propietarias dos dereitos da proposta (texto, imaxes, idea, etc.) que presenten, para evitar posibles reclamacións de terceiros.
3. Para a valoración das diferentes propostas, teranse en conta os seguintes criterios (coa ponderación adxudicada a cada un):
 - a. Que o obstáculo sexa quen de absorber un elevado número de participantes atravesándoo ao mesmo tempo para que non se formen tapóns no percorrido (25%)



- b. Debe ser accesible para todo tipo de persoas e idades, con ou sen diversidade funcional, mobilidade reducida ou alerxias; ou que inclúa algunha solución alternativa pero engadida no propio obstáculo. (25%)
- c. A montaxe/desmontaxe deberá ser sinxela, xa que o percorrido da carreira realiza se por estrada e isto condiciona os horarios de corte de tráfico. Por iso é importante que a montaxe poida adiantarse e transportarse no momento previo á carreira á súa localización. (10%)
- d. Presuposto de construcción do obstáculo (40%)

Premio

A Fundación Abrente comprométese á financiación e construcción do obstáculo gañador e a inclusión deste na VI Carreira ENKI Galicia que terá lugar en outubro de 2019. Crearase unha mesa de traballo para o deseño final do obstáculo e a súa posta en marcha na que participará a persoa ou as persoas que deseñaran o obstáculo gañador e os membros da Fundación Abrente.

A persoa gañadora ou grupo recibirá da Universidade da Coruña un certificado acreditativo.

A persoa gañadora ou grupo terá a posibilidade de participar na dinamización do seu obstáculo durante a carreira.

A persoa gañadora ou grupo autorízalle á UDC os dereitos de reproducción e divulgación pública, facendo constar en todo momento o nome dos autores.

O obstáculo terá que incorporar a imaxe da UDC e nomearse na difusión nos distintos medios da UDC á persoa gañadora ou grupo.

Xurado

O xurado estará constituído pola presidenta Fundación Abrente ou persoa en quien delegue e por profesionais da UDC. Actuará como secretaria Sonia Seijas Ramos, técnica da Unidade de Atención á Diversidade.

O xurado do I Concurso ENKI-UDC para o deseño dun obstáculo para a VI Carreira ENKI Galicia está formado polas seguintes persoas:

Presidenta:

- Carmen Touza Touriño, presidenta da Fundación Abrente

Vogais:

- Margarita Amor López, vicerreitora de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria
- Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
- Joaquina María Valverde Romera, profesora da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física



Secretaria:

- Sonia Seijas Ramos, técnica do CUFIE

A resolución do xurado é inapelable e o premio poderán ser declarado deserto, mais non *ex aequo*.

Limitacións

Neste concurso non poderán participar familiares das persoas que conforman o xurado.

Presentación dos traballos

Os traballos poderánse presentar a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo tamén se poderán presentar no rexistro do LERD-Coruña (Pavillón de Estudantes, campus de Elviña) ou Rexisto do Campus de Ferrol (Edificio de Apoyo ao Estudo - Esteiro).

As propostas presentaranse nun sobre cerrado que conterá o traballo en soporte CD ou DVD (identificados co letra de imprenta na que conste o nome proposto para o obstáculo e o nome das persoas que o presentan) que inclúa: (i) a proposta máis o documento en pdf explicativo da mesma, e (ii) un documento cos datos persoais das persoas que o proponen (nome e apelidos, fotocopia do DNI, nome e endereço do centro onde cursa os seus estudos, teléfono de contacto e correo electrónico), así como unha breve presentación do/a autor/a ou grupo. No anverso do sobre especificarase o nome do concurso a que se opta e o título proposto para o obstáculo.

O prazo de presentación dos traballos comeza ao día seguinte da publicación destas bases na Sede Electrónica e finaliza o día **20 de setembro de 2019 ás 14.00 horas**. A resolución do xurado cos nomes da persoa ou das persoas gañadoras publicaranse na páxina web da UDC.

As propostas non finalistas devolveránse os/as autores/as que o soliciten, trala resolución do xurado, ao endereço que conste no sobre.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das bases. Calquera eventualidade non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña



(UDC), cuxos datos de contacto son R/ Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a resolución da convocatoria do I Concurso ENKI-UDC para o deseño dun obstáculo para a VI Carreira ENKI Galicia. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coa citada finalidade cumplirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nos citados taboleiros un ano.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumplir coa finalidade indicada nesta convocatoria. Unha vez finalizada a relación de prestación do servizo, os datos serán bloqueados e permanecerán almacenados 6 anos, sen prexuízo da posibilidade de exercitar en calquera momento o dereito de solicitar a supresión dos datos.

A persoa interesada consinte o tratamento dos datos para os efectos de cumplir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, 2 de setembro de 2019

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Araceli Torres Miño